

## Literatura oral

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *[Conto] O corvo e o raposo*

Era unha vez un corvo que se achegou a unha ventá na que había un queixo pousado. Como tiña fame, colleuno e marchou con el.

Polo camiño viu unha árbore moi xeitosa e decidiu parar alí e comer o seu queixo. Nese intre chegou un raposo e díxolle:

☐ Que plumaxe máis bonita tes! Canta, a ver como cantas!

O corvo, ó recibir tantas loubanzas do raposo, púxose a cantar. Non se deu conta do que ía facer, e por ser tan orgulloso caelle o queixo e o astuto do raposo marchoulle con el.

Moralexia: Desconfía do que te alabe, porque a alabación sempre foi unha perdición.

Recompiladora: Estefanía Quiroga Somoza, Alumna de 3º de ESO no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), curso 2005-2006.

Informante: Lito Somoza (65 anos).

Lugar e data de recollida: Suñide, Samos (Lugo), maio de 2006.